

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para a contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de un xefe de brigada para o programa denominado prevención e defensa contraincendios forestais 2017 segundo o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o concello de Muras, de acordo co establecido na base 5ª da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la lista de aspirantes admitidos e excluídos que a seguir se relacionan:

a) Admitidos:

Apelidos e nome	Data presentación
Maria Elena Rivera Rodriguez	14.07.2017

SEGUNDO.- Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos no Taboleiro de Anuncios do Concello, concedendo un prazo de TRES DÍAS HÁBILES a partir da publicación do anuncio para formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión. Así mesmo estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.muras.gal

TERCEIRO.- Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo e estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: Dª. Alejandra Pardo Vazquez, Secretaria Administración Local.

Secretario: Dª. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora do Concello de Muras.

Vogais: D. José Orosa Gonzalez, funcionario Administración Local.

Dª. Olga Lamas Seoane, funcionaria da Xunta.

D. Damaso Gumersindo Pico Balsa, persoal laboral de Administración Local.

CUARTO.- Facer pública a presente resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web. Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- Convocar aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 24 de xullo de 2017 as 12:00 horas, co obxecto de constitución de dito Tribunal e avaliación

de méritos da fase de concurso, e sinalar como data para a realización da proba da segunda fase da selección o próximo día 24 de xuño as 12.30 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial, sita en Praza da galeguidade, 4 en Muras, para o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)